

## “Primavera Máxica 2009”

*O vindeiro venres día 17 DE ABRIL terá lugar a cuarta actuación do programa “Primavera Máxica 2009” no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 19:30 horas coa presentación do espectáculo “maxia ao cadrado” a cargo do grupo “SYMBIOSIS integrado polos Magos Marttyn Anderson e Dani García.*

A cuarta e derradeira actuación desta “Primavera Máxica 2009” virá da man do **grupo “Symbiosis”** no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 19:30 horas o vindeiro venres día 17 de abril co seu espectáculo “Maxia ao Cadrado”.

Remata este ciclo da primavera máxica cun notable éxito de público que asistiu con regularidade ao longo destas catro semanas polas que pasaron por Culleredo algúns dos mellores magos de Galicia. Xa a partir do venres día 24 de abril dará comezo una nova programación teatral que inaugurará una das mellores compañías de teatro galego como é a ourensana “Sarabela Teatro” e seguirán representacións de compañías da talla de “Lagarta, Lagarta”, “Redrum Teatro” , “Salmonela Teatro”ou “Teatro Lope de Vigo” así como a representación de fin de curso a cargo dos alumnos/as da Escola Municipal de Teatro de Culleredo.

“Symbiosis” é una nova productora de espectáculos que xurde da fusión de dous magos: Mago Marttyn e Dani Garcia. Con máis de 200 espectáculos no seu haber en teatros, auditorios, concellos, colexios, festas privadas, empresas, etc. xúntanse co fin de producir espectáculos máxicos de maior envergadura.

Froito do traballo conxunto durante anos de dúas das máis innovadoras e frescas mentes da maxia galega nace "Maxia ó cadrado".

Unha delirante tableta de píldoras máxicas mesturando o humor, a fantasía e a

comunicación.

Dous magos que se atopan xuntos nun escenario, en compañía do público e con gañas de disfrutar.

Culleredo 13 de abril de 2009.

O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez

